

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

FACULDADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

CURSO 2025-26

CONTEXTUALIZACIÓN

A Facultade de Ciencias da Comunicación comezou a súa andaina en 2003, coa implantación do segundo ciclo da Licenciatura en Comunicación Audiovisual na oferta de titulacións da Universidade da Coruña.

No curso 2009-2010, como parte do proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, comezou a implantación progresiva dos primeiros cursos de dita titulación, xa como grao. Esta implantación conlevou o incremento importante do alumnado da Facultade e, en xeral, de toda a súa comunidade educativa, alén dunha transformación no perfil do seu alumnado.

Para dar resposta as demandas e necesidades dos estudantes do Grao en Comunicación Audiovisual, a Facultade puxo en marcha o Plan de Acción Titorial asignando a cada estudante a unha persoa titora de referencia para apoio e consulta durante o seu paso polo Centro.

A implantación do Mestrado Universitario en Produción Xornalística e Audiovisual (Resolución do 29 de agosto de 2018, da Secretaría Xeral de Universidades) no curso 2018-2019 e, posteriormente, do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos (Resolución de 28 de outubro de 2019) impulsou un proceso de crecemento da Facultade, aínda en marcha (no curso, 2022/2023 púxose en marcha o último curso do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos), e incrementou a heteroxeneidade de intereses e perfís do alumnado.

No curso 2024-25, a Facultade contou cun total de 506 estudantes de grao (236 persoas matriculadas no Grao de Comunicación Audiovisual e 250 no Grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos), a quen se orienta este proxecto de PAT. A estes estudantes deben engadirse as 30 persoas matriculadas no Mestrado en Produción Xornalística e Audiovisual, ademais de 21 estudantes entrantes de mobilidade (14 de convenios bilaterais e 7 SICUE)

ANÁLISE DE NECESIDADES

A Facultade de Ciencias da Comunicación, polo tanto, é un centro que acolle titulacións moi próximas, mais con diferenzas no seu plantexamento así como no perfil de alumnado e profesorado, o que se vai reflectir en diferentes demandas e inxerencias ás que ten que dar resposta o deseño da acción titorial.

O Grao de Comunicación Audiovisual (a partir de agora CAV) conta cun perfil de alumnado vocacional e especialmente crítico. Dúas cualidades esenciais para o seu desempeño profesional que, non entanto, van afectar a súa percepción dos contidos do título, a docencia e a Facultade. Se ben a taxa de abandono é moi limitada cómpre reforzar a orientación e apoio ao alumnado para que entenda o porque da organización do plano de estudos (con materias de corte máis teórico nos primeiros cursos), a oportunidade da orientación do Grao de CAV na UDC no contexto comunicativo actual (fronte a comunicación audiovisual tradicional), e dalgún modo, para facelo partícipe do seu proceso de formación académica e preparación para a vida profesional.

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQUnQawuEIA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	1/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQUnQawuEIA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

A finais do curso 2020/21, aprobáronse dúas mencións para o alumnado de CAV: (1) en Comunicación Audiovisual Multiplataforma e (2) en Contidos 3D. Dúas mencións que marcarán o deseño de traxectorias académicas e, por ende, que precisan dun reforzo na labor de orientación.

A multiplicidade de especializacións e perfís profesionais que presenta este grao na UDC, máis nun momento de evolución do ecosistema comunicativo, vai facer preciso un apoio especial nos últimos cursos, tanto no que respecta á orientación académica (optativas, prácticas, TFG) como para o seu futuro profesional (continuidade de estudos, desenvolvemento profesional, etc.).

Asemade, o informe de alegacións provisionais ACSUG, do 28 de agosto de 2023, facía fincapé na mellora dos mecanismos de comunicación no Plano de Acción Titorial, como unha forma de incrementar a integración e satisfacción do alumnado.

No caso do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos (a partir de agora CDAV) pódense sinalar vantaxes e problemáticas derivadas dun grao que recentemente finalizou o seu proceso de implantación.

En CDAV se ben o alumnado entra en contacto dende o primeiro momento con materias de compoñente práctico, a multiplicidade de especializacións -patente dende a propia denominación do Grao- e a diversidade de intereses e perfís das persoas que o cursan, xunto coa novidade do título tanto na UDC como no Sistema Universitario Español fan precisa unha labor de orientación e apoio que vai acadar especial protagonismo no terceiro curso pola converxencia no curso seguinte das materias optativas, as Prácticas curriculares e o TFG, na mesma liña que sucede no Grao de CAV.

O carácter "prospectivo" destas primeiras promocións fan preciso un reforzo tanto nas accións de apoio e orientación como na detección de posibles necesidades e demandas.

Na procura dunha orientación máis eficiente considerouse oportuna unha redistribución do profesorado titor de cara a que desenvolvesen as súa labor unicamente no grao en que imparten docencia. Nesta mesma liña, tendo en conta a compoñente proxectual dos cursos de segundo e terceiro (coas materias Proxecto de Animación e Proxecto de Videoxogos), considérase preciso unha orientación especializada que lles dote das ferramentas oportunas para o seu desenvolvemento profesional (portafolio, concursos, certames, convocatorias de financiación...).

Esta necesidade de orientación -común para ambos graos- vai vehicularse a través dos/a titores/a especializados/a que darán resposta a unha necesidade común para ambos graos (CAV e CDAV)

Asemade, ámbolos dous títulos contan con grande demanda, o que vai a levar a unha incidencia importante de alumnado de novo ingreso procedentes doutros graos (xa titulado ou por traslado de expediente) quer do ámbito da titulación, quer da rama de coñecemento, así como de titulados/as en Formación Profesional. Esta circunstancia, común para ambos graos, non só vai redundar na heteroxeneidade de perfís, senón tamén nunha diversidade no deseño das propias traxectorias académicas.

Finalmente outra das cuestións que cómpre reforzar é a participación do alumnado na Facultade e, en xeral, na vida universitaria. Se ben o contexto sanitario supuxo un freo para todo tipo de iniciativas asociativas e participativas cómpre motivar ao alumnado para que tome parte activa na vida do centro-universidade, xa como representante de estudiantado, xa na participación e desenvolvemento doutro tipo de actividades de extensión universitaria.

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvfRLQUnQawuEIA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18
Observacións	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvfRLQUnQawuEIA%3D%3D	Páxina	2/8
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



OBXECTIVOS

O obxecto do PAT é o de acoller e acompañar ao alumnado de grao durante o seu paso pola Facultade e brindarlle toda a información precisa para a súa integración e participación na vida académica e incluso fóra de esta, con especial atención ao alumnado de novo ingreso.

Neste senso establécense como obxectivos principais para o PAT:

- Acoller e facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na Facultade-Universidade.
- Brindar información sobre as diferentes actividades e servizos da Facultade como da Universidade tanto para ampliar a súa formación como para unha participación máis activa da vida universitaria.
- Orientar e apoiar ao alumnado no deseño e desenvolvemento da súa traxectoria académica-profesional.
- Potenciar tanto o rendemento académico do alumnado da Facultade como a adquisición de competencias transversais.
- Establecer canles para a interacción de alumnado e docentes de cara a unha orientación máis personalizada.
- Implicar ao estudiantado na organización e vida da Facultade en xeral e, en particular, na acollida e apoio ao alumnado de novo ingreso, na procura de tecer redes de intercambio-colaboración que podan levar a unha maior cohesión e integración da comunidade educativa.
- Detectar e canalizar debidamente as necesidades, carencias e problemáticas detectadas polo alumnado tanto no desenvolvemento da súa actividade académica como relacionada con ésta (relativa ás infraestruturas, materiais, organización e planificación da docencia...).

ORGANIZACIÓN DO PAT

Ata o curso 2020/2021 o PAT da Facultade de Ciencias da Comunicación seguía o modelo de asignación cada ano dun grupo de estudantes de primeiro curso -habitualmente entre 4 e 6 persoas- a cada docente-titor/a quen asumía a súa orientación ao longo do seu paso pola Facultade.

No cursos 2021/2022 e no 2022/2023 pasado, co cambio na coordinación do PAT da Facultade, levouse a cabo un redeseño na organización do mesmo. Pasando dun sistema de titor/a e pequeno grupo de estudantes (4-6), a un de dous titores/as-curso na liña doutros centros da UDC. Este cambio foi moi positivo tanto no que respecta á participación do alumnado, como na canalización de problemáticas e demandas.

Na súa asignación respectouse, dentro do posible, a asignación de persoas titoras tendo en conta o curso ou cursos nos que impartisen docencia, o que posibilita a disposición de espazos para a interacción titora-alumnado no tempo posterior ás aulas ou incluso integradas nestas. Asemade, a organización de dúas persoas titoras por curso busca paliar a confusión do alumnado respecto a natureza destas titorías, evitando a súa identificación como parte da docencia da materia.

O cambio na normativa de PAT levounos a prescindir das figuras de titor/a especializado/a, como tal mais se ten promovido que o profesorado que en cursos anteriores asumiu esta figura, pasen a titorizar os últimos cursos da titulación, para poder aproveitar o seu coñecemento no apoio ás dúbidas, demandas e inquiredanzas para o tránsito cara a vida profesional.

A Facultade tamén conta coas figuras de titor de Atención á Diversidade e de Responsable de Igualdade que -de maneira coordinada coa Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI)

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQUanQawuE1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	3/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQUanQawuE1A%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			


ou da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)- buscan a integración plena do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou por razón de xénero e/ou orientación sexual experimenten barreiras para un acceso igualitario á vida universitaria. A labor desta figura se ten reforzado coa atención -por parte da ADI- ao alumnado LGTBQ+. Ademais, neste curso 2025-26 establécese a figura da Titora de Movilidad (que coincide coa persoa responsable dos programas de mobilidade no decanato da facultade), que servirá de nexa entre os estudantes entrantes procedentes de programas de mobilidade e a figura de estudante-mentor de mobilidade, introducida no curso 2024-25.

Desta maneira, este curso mantense o programa de **alumnado mentor**. Tras uns primeiros anos implicando a alumnado na mentoría do estudantado de primeiro curso das dúas titulacións de grao, sen demasiado éxito na participación, no curso 2023/2024 propuxéronse dúas fórmulas de mellora:

- Traballar co alumnado mentor para que estea presente dende o comezo das clases, momento en que o alumnado de novo ingreso precisa de maior apoio,
- Cambiar a organización da mentoría en CAV, de cara a unha maior participación e cohesión do alumnado. Ao igual que sucedeu co profesorado propónse o paso de mentoría en pequenos grupos (cun ratio de 10 estudantes asignados) a dúas mentorías por aula. Pensamos que esta fórmula pode -por unha banda- aportar unha perspectiva diferente da Facultade-Universidade ao grupo completo e -por outra- promover a súa integración, facilitando o desenvolvemento de contactos e xuntanzas individuais a través de Teams ou da creación de grupos específicos noutras plataformas como WhatsApp ou Discord.

Tal e como se afirmaba con anterioridade, a partir do curso 2024-25, introduciuse unha nova figura de alumno mentor destinado a aqueles alumnos nacionais e internacionais que se incorporan aos nosos graos desde os convenios bilaterais ou dos programas Erasmus e SICUE.

Gráfico 1. Organización do PAT da Facultade. Graos CAV e CDAV



ORGANIZACIÓN TEMPORAL E CONTIDOS

En canto aos contidos do PAT neste curso establécese unha proposta de temáticas a tratar nos diferentes **cursos/xuntanzas desenvolvidas entre titores e alumnos**. Esta proposta

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQanQawuEIA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	4/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQanQawuEIA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

pretende, por unha banda, facilitar o traballo do profesorado titor e, por outra, reforzar a información respecto a determinadas propostas, actividades ou itinerarios académicos que van a serlle de utilidade no seu futuro inmediato. Estas titorías temáticas poden axudar a resolver dúbidas, a canalizar ditas demandas a outras persoas/servizos ou incluso a detectar carencias na información que lles brinda a Facultade.

Se ben esta estrutura ten unha base común, para os dous Graos, a súa adaptación ás necesidades académicas do alumnado en cada momento vai reflectirse na temporalización de determinadas temáticas (por exemplo a selección de optativas ou as materias de proxectos).

Así establécense dos xuntanzas para cada curso: a principios de curso (setembro ou os primeiros días de outubro), ao final do primeiro cuatrimestre (febreiro ou marzo). A primeira reunión deberase desenvolver en canto sexa posible; mentres que para a segunda reunión hai unha maior liberdade en función das necesidades e organización de cada curso. Ademais, non será obrigatorio, pero haberá dispoñibilidade para unha terceira reunión en maio-xuño se os titores considéranos necesario.

Táboa 1. Organización de contidos xuntanzas do Grao en Comunicación Audiovisual

PRIMEIRO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación de organización e servizos da Facultade-UDC. Información sobre as ferramentas en liña para a docencia. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre cursos de apoio ao ensino. Información sobre mobilidade. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia.
SEGUNDO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Información sobre mobilidade. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre cursos de apoio ao ensino. Información sobre oferta de optativas e mencións do Grao. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia. Motivar ao estudantado para participar como Mentores no programa PAT do curso seguinte.
TERCEIRO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Erasmus & Prácticas. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). I Información sobre mencións e modificación de optativas. Información sobre optativas e TFG. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia. Motivar ao estudantado para participar como Mentores no programa PAT do curso seguinte.
CUARTO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre prácticas e TFG. Información sobre o funcionamento de prácticas curriculares. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación dos mestrados da Facultade. Posible información post-egreso (formativa-laboral). Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia.

Táboa 2. Organización de contidos xuntanzas do Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos

PRIMEIRO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación de organización e servizos da Facultade-UDC. Información sobre as ferramentas en liña para a docencia. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre cursos de apoio ao ensino. Información sobre mobilidade. Información sobre proxecto de animación. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia.
SEGUNDO CURSO

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQanQawuEIA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	5/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQanQawuEIA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

1ª Xuntanza (emprego ficha). Información sobre mobilidade. Información sobre proxecto de animación. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre cursos de apoio ao ensino. Información sobre proxecto de videoxogos. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia. Motivar ao estudiantado para participar como Mentores no programa PAT do curso seguinte.
TERCEIRO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Información sobre mobilidade e prácticas. Información sobre proxecto de videoxogos. Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Información sobre optativas e TFG. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia. Motivar ao estudiantado para participar como Mentores no programa PAT do curso seguinte.
CUARTO CURSO
1ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre prácticas e TFG. (posibilidade de cambio de optativas). Programa <u>Afrontemos</u> .
2ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación dos mestrados da Universidade. Posible información post-egreso (formativas-laborais). Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia.

Para detectar posibles intereses e demandas do alumnado, nas primeiras xuntanzas vaise facer unha consulta sobre posibles temas para abordar nas seguintes titorías intentando unha maior adecuación ao grupo.

Ademais destas temáticas, abordadas polo profesorado titor, levaranse a cabo sesións grupais e individuais específicas, relativas ás prácticas externas (coa responsable de Prácticas da Facultade), mobilidade de estudos (coa responsable de Mobilidade do Centro) e TFG (cos coordinadores de TFG). De forma individual desenvolveranse titorías específicas coa responsable de Apoio á diversidade e a Representante de Igualdade do Centro.

Estas titorías complementaríanse con outro tipo de accións de orientación grupal, ou individual baixo demanda, relativas á busca activa de emprego, ao desenvolvemento de currículo, portafolios ou *reel*, *pitching*, candidaturas de festivais, rexistro de autor ou incluso aspectos de utilidade máis a curto prazo como a solicitude dun certificado electrónico.

En canto ás xuntanzas entre **alumnos mentores e estudantes**, tamén se fixaron unhas temáticas para desenvolver á que se poden incorporar outros temas puntuais. Estas temáticas varían en función de se se tratan de alumnos de 1º ou alumnos entrantes de mobilidade.

Tamén se estableceron dúas reunións fixas entre mentores e estudantes. No caso das reunións cos alumnos de 1º, están desenvólvense a comezos de curso (setembro-outubro) e a comezos do segundo cuatrimestre (febreiro-marzo). No caso das reunións cos estudantes de mobilidade, deberán establecerse coa maior presión posible, unha vez cheguen estes alumnos a comezos do primeiro e segundo cuatrimestre. O estudiantado mentor complementará outras canles de transmisión información horizontal-vertical da Facultade, a través das persoas delegadas e representantes de alumnado, que ten servido nos últimos cursos para detectar necesidades e problemáticas.

Táboa 3. Organización de contidos xuntanzas de Mentores con alumnos

ESTUDANTES DE PRIMEIRO CURSO DE CAV E CDAV
1ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación de organización e servizos da Facultade-UDC. Información sobre as ferramentas en liña para a docencia. Vida universitaria: área de cultura, deportes e linguas. Programa <u>Afrontemos</u> .

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQanQawuEIA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	6/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQanQawuEIA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

2ª Xuntanza (emprego ficha). Reforzo información sobre cursos de apoio ao ensino. Información sobre mobilidade. Información sobre proxecto de animación. Lembrar participación nas avaliacións docentes e a súa importancia.

ESTUDANTES DE MOBILIDADE (ERASMUS, BILATERAL E SICUE)

1ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación de organización e servizos da Facultade-UDC. Información sobre as ferramentas en liña para a docencia. Vida universitaria: área de cultura, deportes e linguas. Información sobre choque cultural. Programa Afrontemos.

1ª Xuntanza (emprego ficha). Presentación de organización e servizos da Facultade-UDC. Información sobre as ferramentas en liña para a docencia. Vida universitaria: área de cultura, deportes e linguas. Información sobre choque cultural. Programa Afrontemos.

No curso 2023-24 púxose en marcha un procedemento de sistematización da información derivada destas reunións grupais de maneira que se puido facer un seguimento das reunións desenvolvidas, dos temas abordados e puidéronse detectar posibles problemáticas dunha maneira integrada -non curso por curso senón por titulación e mesmo por Facultade. Esta sistematización, ademais do desenvolvemento de accións concretas, puido facilitar a coordinación do PAT, así como facilitar a adopción de medidas conxuntas coa Coordinación do Grao e o equipo Decanal do Centro.

Para este labor terase que traballar nun protocolo de acción conxunta entre Vicedecana de alumnado, Coordinadores de Grao e Coordinadora PAT para poder dar unha resposta áxil i eficaz -evitando duplicidades- ás diferentes problemáticas que poidan xurdir.

Para coordinar todas estas accións levaranse a cabo, a lo menos, tres xuntanzas de coordinación con cada un dos diferentes colectivos implicados (profesorado titor, titores/a especializados e alumnado mentor). A primeira a comezos de curso e as outras dúas ao rematar cada un dos cuatrimestres, co gallo de recoller e poñer en común as súas experiencias co alumnado titorizado-mentorizado, e determinar posibles accións de cara ao seguinte cuatrimestre-curso.

Para facilitar o contacto e a posta en común de demandas, dúbidas e/ou posibles problemáticas xurdidas durante a labor de orientación, así como para a difusión de información de interese, creáronse sendos grupos de Microsoft Teams.

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Os principal recurso do PAT da Facultade de Ciencias da Comunicación é o humano. A organización do PAT susténtase na implicación e colaboración de docentes i estudantes no seu desenvolvemento.

Neste senso, para o curso 2024/2025, contamos con 17 integrantes do profesorado titor e 9 alumnado mentor. Estes recursos humanos vanse a distribuír da seguinte maneira por titulacións: 8 docentes titores/as (dous por curso, 2 por curso, salvo en 4º de CAV que son tres) 2 alumnado mentor para o estudiantado de mobilidade, 2 alumnas mentoras CAV e 5 alumnado mentor (ratio de 10:1 estudantes mentorizados).

En canto aos recursos materiais contamos cun espazo na páxina web do centro, que se vai a ampliar neste curso para recoller recursos que poidan ser de interese e apoio á labor do profesorado titor e o alumnado mentor.

Para reforzar o apoio ao alumnado de novo ingreso e, en xeral, de toda a comunidade de estudantes, dende o curso pasado se desenvolve unha Guía de Acolida (<http://bit.ly/47k8ybb>) con información de interese. Esta guía ven complementar á Guía do Estudante da UDC.

Outro recurso que vai a ter un rol esencial no desenvolvemento do PAT é Microsoft Teams. Ao igual que na docencia virtual a plataforma de videoconferencias permitirá unha comunicación (individual-grupal) máis directa co profesorado titor, o alumnado mentor e os estudantes de CAV

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvFRLQanQawuEIA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18	
	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57	
Observacións		Páxina	7/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvFRLQanQawuEIA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

e CDAV. A creación destes grupos non só supoñen unha canle para o contacto directo e a distribución de información de interese, segmentada por grupos, tamén facilitan a posta en común de demandas, necesidades, queixas que poden ser compartidas e ampliadas polo grupo de estudantes.

Esta plataforma tamén se vai a empregar para xuntanzas informativas e actividades formativas, unhas accións que se van trasladar ao contexto *offline* sempre que sexa posible.

De forma complementaria, dende a Coordinación, empregaranse listas de correo (alumnado profesorado) para distribución de convocatorias e actividades que poidan ser de interese para a comunidade educativa da Facultade. A modo de *newsletter*, esta difusión busca facilitar e centralizar o acceso á información fornecida por diversos medios, servizos i entidades.

Máis aló do virtual, no desenvolvemento de titorías e outro tipo de actividades do PAT na Facultade empregaranse outros medios dos que dispón o Centro.

A AVALIACIÓN

Para avaliar o desenvolvemento deste Plan de Acción Titorial establécense tres períodos de recollida de información: a comezo de curso, a finais do primeiro cuadrimestre e a finais do segundo cuadrimestre (avaliación final).

Se ben esta segunda avaliación será sobre a que se sustente o informe de memoria do PAT do Centro, o seguimento a través das actas das xuntanzas individuais, a demais do desenvolvemento dunha xuntanza intermedia co profesorado titor e o alumnado mentor, permitirá coñecer o desenvolvemento deste proxecto de PAT e incluso de adoptar algunha medida para unha implantación máis eficiente.

En canto aos indicadores ademais dos datos obtidos polo CUFIE da enquisa de avaliación do profesorado-titor desenvolverase un cuestionario propio, tamén para alumnado mentor, de cara a coñecer datos cualitativos da súa valor: valoracións, percepcións e opinións recollidas durante as xuntanzas e que poden dar una perspectiva máis real do funcionamento do PAT da Facultade e o seu posible éxito máis aló do número de alumnado participante.

Con todos estes datos servirán tanto para elaborar o informe final como para establecer posibles accións de mellora para cursos posteriores.

Código Seguro De Verificación	8RojbPBvfRLQanQawuEIA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias da Comunicación - Teresa Nozal Cantarero	Asinado	22/07/2025 13:04:18
Observacións	Javier Martín Odriozola Chéné	Asinado	22/07/2025 11:19:57
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/8RojbPBvfRLQanQawuEIA%3D%3D	Páxina	8/8
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

